**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

# A XERENCIA SANITARIA COMPOSTELÁ COLABORA COA ONCE NUNHA VISITA DE FAMILIARIZACIÓN DE NENOS CON DEFICIENCIA VISUAL AO HOSPITAL CLÍNICO

- *Os máis de trinta nenos participantes puideron coñecer algunhas das probas sanitarias máis habituais no centros sanitarios*
- *Forma parte do proxecto "O que nunca..." desenvolvido pola ONCE*

**Santiago, 28 de xuño de 2019.-** A Xerencia de Xestión Integrada de Santiago participa no proxecto "O que nunca..." organizado pola ONCE polo que un grupo duns 30 rapaces con discapacidade visual visitaron esta semana o Hospital Clínico e puideron coñecer e familiarizarse con algunhas das situacións e probas máis comúns que se realizan nos centros sanitarios.

Os rapaces, de entre 12 e 18 anos e que están a participar nun campamento na ONCE de Pontevedra, acompañados por persoal da xerencia e os seus monitores puideron experimentar e tocar diversa tecnoloxía, como tensiómetros, electrocardiograma ou TAC. Así durante todo o día recibiron explicacións sobre como é o proceso de hospitalización, desde os pasos administrativos, as funcións do persoal e o porqué dalgunhas destas tarefas.

Así mesmo puideron experimentar con calma o que se sente cando te fan un electrocardiograma ou cando te toman a tensión, coñecendo a tecnoloxía e tocándoa eles mesmos. Tamén visitaron a aula hospitalaria de Pediatría (onde desfrutaron dun concerto de percusión) así como a zona de Radioloxía, onde dedicaron o tempo que precisaron para coñecer as súas instalacións e que se sente, adaptándose pouco a pouco, cando te realizan unha proba radiolóxica.

É unha visita que forma parte das actividades do proxecto "O que nunca..." cuxo obxectivo é que poidan familiarizarse con diversos ambientes en principio pouco amables ou hostís, e que a experiencia axude a diminuír a súa ansiedade.

**Saúdos**

Gabinete de Comunicación e Imaxe da Área Sanitaria de Santiago
Travesía da Choupana s/n - 15706 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 950023 / 629253754

Correo-e: prensa.santiago@sergas.es
Web: http://xxisantiago.sergas.es/
santiago.sergas/
santiagosergas

FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL
*"Unha maneira de facer Europa"*
FONDO SOCIAL EUROPEO
*"O FSE inviste no teu futuro"*
UNIÓN EUROPEA